

CIRCULAR 147-2026.**II CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE TRAIL RUNNING SUBIDA VERTICAL.**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 6 de setembro en Vilamartín de Valdeorras, o Campionato Xunta de Galicia de Trail Running – Subida Vertical.

Art.2).- Poderán participar atletas, das categorías Sub 16 e superiores, con licenza en vigor pola FGA e válida para as probas de trail running (licenza plus ou corredor).

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 31 de agosto.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 23:59 horas do mércores 2 de setembro e serán remitidas a competicion@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- A entrega realizarase no [Pavillón Municipal "Luis Nogueira"](#) no seguinte horario:
 - o Sábado 05 de setembro de 17:00 a 19:00 horas.
 - o Domingo 06 de setembro de 8:30 a 10:00 horas.
- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.7).- Horario, distancia e lugar de saída: [\(anexo co percorrido e perfil ao final do documento\)](#)

APERTURA C. CHAMADAS	PECHE C. CHAMADAS	HORA SAÍDA	CARREIRA		DISTANCIA	DESNIVEL	PECHE* CONTROL
10:05	10:20	10:30	MASC	Absoluta Sub 23 Máster	4,2 km	1015 m	120'
10:20	10:35	10:45	FEM	Absoluta Sub 23 Máster	4,2 km	1015 m	120'
10:35	10:50	11:00		Sub 16 Sub 18 Sub 20	2,1 km	500 m	90'

*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo límite establecido dende a saída da proba.

Localización da saída:

- ❖ A Ponte nova da Barca de Arnado: <https://maps.app.goo.gl/rX27puceye9QdJPZ9>

Art.8).- Abastecemento

- A proba realizarase en autosuficiencia, polo que non se permite a asistencia externa en ningún punto do percorrido.
- Haberá un punto de abastecemento na meta de cada proba.
- Non haberá vasos, polo que será imprescindible o uso de recipiente persoal.

Art.9).- Material obrigatorio.

O material estará revisado polo Comité Galego de Xuíces, podendo facerse total ou parcialmente na saída, meta ou durante o percorrido.

Os deportistas deberán portar o material que empreguen, obrigatorio ou non, dende a saída ata meta, non podendo abandonalo nin recibir axuda externa.

A FGA, atendendo á meteoroloxía, poderá modificar as seguintes listaxes ata o 2 de setembro, mediante a publicación dunha circular anexa.

Listaxe de material obrigatorio:

- Dorsal visible no peito
- ❖ As penalizacións e descualificacións sobre o material obrigatorio serán as oficiais do [regulamento do ránking galego de Trail Running](#).

Listaxe de material recomendado e opcional:

- Chifre
- Teléfono móbil operativo
- Sistema de hidratación
- Chaqueta impermeable ou curta ventos
- Manta térmica
- Gorro, gorra, viseira ou tubular
- Luvas
- Camiseta térmica de manga longa ou curta mais manguitos.
- Malla longa.
- ❖ O uso de auriculares ou elementos de igual índole non está permitido.

Art.10).- Entrega de premios.

- Os tres primeiros atletas clasificados absolutos, Sub 23, Sub 20, Sub 18, Sub 16 e de cada unha das categorías Máster, masculinos e femininos, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.
- A entrega de premios realizarase ás 13:30 horas no [Pavillón Municipal "Luis Nogueira"](#).



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal

atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a competicion@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 21 de xullo do 2026

Yolanda González Fernández

Secretaria Xeral da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo

Percorrido e Perfil da proba

Saída en A Ponte nova da Barca (313 m.), crúzase para a beira esquerda do río Sil e ascéndese cara o cumio do Monzón (1.329 m.).

O itinerario de regreso estará sinalizado, debendo facelo o deportista polo seu propio pé, sempre respectando ós competidores presentes.

